

XVI Camiño á Fama

1. Poderán inscribirse no festival todas aquelas persoas que o desexen sen límite de idade.
2. Cada persoa ou grupo deberá ter un nome propio que o identifique. Para inscribirse cubrirá un formulario no que se reflectan todos os datos referidos a: nome do grupo, persoa de contacto, teléfono de contacto, enderezo electrónico, número de persoas que participan e nome de todas e todos, a fin de que a organización poida contactar con cada grupo (<https://form.jotform.com/250702563160347>).
3. No festival haberá dúas categorías:
 - ✓ **Interpretación:** Un solista ou varios interpretan con voz en directo un tema elixido previamente e comunicado á organización.
 - ✓ **Coreografías:** Unha ou varias persoas bailan un tema musical ou varios – mestura de cancións – elixidos previamente e comunicados á organización.
4. En ningún caso a duración de cada actuación excederá dos 5 minutos de tempo.
5. No festival haberá un máximo de 20 actuacións, sumando interpretacións e coreografías. Unha vez que se chegue a este tope, se iniciará unha lista de espera e no caso de que houbera algunha baixa, incorporárase o seguinte número da lista de espera.
6. Os temas musicais empregados en dito festival (ben para as coreografías, ben para os interpretacións), serán libremente elixidos polos participantes e serán eles os que deberán facilitarlos á organización en soporte dixital. No caso de que haxa dificultades para conseguir este material, a Comisión Música poderá prestar a axuda que estea na súa man aos participantes.
7. Non se poderán elixir temas con contido racista, machista, sexista, discriminatorio ou violento.
8. O festival terá lugar no Teatro do Colexio Salesiano, situado na Praza Don Bosco, 1, de Ourense. A data do mesmo será o sábado **25 de abril**, ás **18:00 h.** .

9. O festival ten un carácter benéfico. O recadado irá destinado aos **Campamentos Urbanos da Asociación Xuvenil Amencer de Ourense**. A entrada custará 3 euros. Se non pode asistir, pero si se quere participar economicamente, caberá a posibilidade de mercar unha entrada de “Fila cero” sen asistir ao festival.

Todos os/as participantes deberán pagar tamén a súa entrada, dado o carácter solidario de dito festival. A compra por parte dos participantes realizarase no día do ensaio xeral, e no caso de compras múltiples poderá pagarse a través de transferencia bancaria no nº de conta: ES12 2080 5261 1130 0001 1450.

10. A organización, preparará un ensaio xeral no que todos os grupos e solistas participantes deberán representar a súa actuación. A data do ensaio concretarase os días anteriores e se lle comunicará aos grupos participantes. A asistencia a dito ensaio é obrigatoria para a actuación no festival.

11. Todas as persoas participantes no festival ceden de xeito gratuíto os seus dereitos de imaxe á Asociación Xuvenil Amencer de Ourense, a cal poderá editar e publicar as imaxes do mesmo nos medios de comunicación, cartelería, edición de material relacionado co festival, etc...

12. A organización do festival correrá a cargo da Asociación Xuvenil Amencer de Ourense, así como a procura dos medios técnicos precisos para a montaxe do mesmo. A Comisión Música de dita Asociación será a encargada de organizar e distribuír a todos os grupos e solistas participantes en dito festival.

13. A organización será a única autorizada para realizar fotografías e/ou gravacións durante as actuacións. O material audiovisual recollido, será enviado posteriormente ás academias correspondentes.

14. No festival actuarán todos os grupos e solistas en igualdade de condicións. Todos eles serán valorados por un xurado formado por persoas designadas pola Comisión Música da Asociación Xuvenil Amencer.

15. No festival, cada grupo ou intérprete, actuará unha soa vez –agás no caso de que haxa algún problema técnico e se teña que repetir a súa actuación–. Se ben, pódese dar o caso de que haxa persoas que participen á vez en varios grupos distintos con distintos nomes e temas a interpretar.

16. Haberá un único gañador da categoría de interpretación e oito gañadores da categoría de coreografía, valorando a Coreografía, Técnica, Creatividade, Execución, Estilismo, Expresión, Harmonía e Orixinalidade. Así mesmo, se o xurado o considera oportuno, verá a conveniencia de outorgar algún accésit ou mención especial a calquera grupo de calquera categoría.
17. A organización non se fai responsable dos gastos ocasionados polos desprazamentos que poidan precisar o grupo de participantes.
18. A persoa ou persoas responsables do grupo terán que responder do correcto comportamento dos membros do mesmo durante o desenvolvemento do festival, así como dos danos que puideran ocasionar.
19. A participación neste festival inclúe a aceptación de todas estas bases.